

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº74/ Ano: 2023 / 1º xornal Mes de outubro / Estado de Festa do Marisco

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com




Necesidade dunha *Ons Activa*, dentro do Parque Nacional. Avaliar actividades. Páx. 1



Exposicións e presentación dos proxectos subvencionados polo Parque Nacional. Páx. 1



Pineiróns fai entrega ao Arquivo Histórico de Pontevedra dunha colección da súa revista Aunios. Páx. 2



Salgadoiro de Suxestións
Volvemos a recordar ao Larexo. Páx. 3



Neste fermoso río de Islandia, o Gran Maquí fixo a súa pescata. Páx. 2



Lorenzo, o fillo de Stafant Mörling (á dereita), participa na regata de dornas que leva o nome do seu pai. Páx. 5



Alex, da comparsa Vou nun bou, preparou a letra e música sobre a Illa para as Olimpíadas de Bueu. Páx. 3



Viaxe e presentación do libro "A Illa de Tambo na súa historia". Perfecta organización. Páx. 4

O peirao, de novo, sen varanda. Éche o que hai!! Páx. 5



Contos de Taberna.
Vai de percebes... Páx. 6



ONS ACTIVA, DENTRO DO PARQUE NACIONAL (I)

Analizar e avaliar as actividades realizadas ao longo do ano en Ons

Rematou a tempada de verán. É de supoñer, que despois dun descanso, as persoas que xestionan o Parque comezarán, ou deberían facelo, a programar o novo ano (de outubro a outubro). Sei que teñen bastante traballo en Ons coas obras a realizar, pero tamén sei que hai persoal dabondo e coido que ben preparado, para comezar a organizar todo o que se vai facer durante o outono-inverno e posteriormente na primavera-verán.

Quería comezar esta serie de pequenas suxestións (*Ons Activa*), que levarei a cabo en varias entregas, dando as miñas modestas ideas sobre o que se pode facer na Illa para conseguir esa tan ansiada desestacionalización do turismo, buscando e planeando actividades que logren atraer cara a Ons a persoas con ganas de aprender e coñecer, nos seus ratos de ocio, mediante actividades cun contido pedagóxico-didáctico.

Algunhas das ideas que relatarei ao longo destas entregas, xa foron tocadas en anteriores Onstopus, esperando que dende Parques as tomaran en conta para tempadas sucesivas. Non sei se o farán, pero como, case sempre, as actividades que programa Parques, repítense ano a ano, é polo cal me entra a dúbida e volverei a repetilas. Aprendín ao longo destes case 50 anos relacionado con Ons recompilando datos, que insistir e volver a recalcar as cousas, é o único camiño para conseguilas.

Avaliar as actividades feitas en Ons outono-inverno e primavera-verán

Coido que si o fan, pero deberían dalas a coñecer, non só nesa (perdón que o diga así) grotesca reunión do Organismo Fantasma (Padroado) que increíblemente segue presidido polo curmán do Presidente da Xunta (non haberá persoas máis dinámicas e con ganas de facer cousas importantes polo Parque) e que aínda non sabemos para que serve, cales son as súas verdadeiras funcións, que remuneración teñen os seus membros, quen acude a elas e que proxectos levan, para que serve todo o que alí se trata,...., e un longo etc.

Por dalas a coñecer entendo, e como lle gustan moito aos xestores do Parque as estatísticas, que nos enumeren as actividades anuais realizadas, temporalización destas, cantas persoas acoden a elas, como se dan a coñecer, en que consisten,...., e que grado de satisfacción levan os participantes.

Sería moi interesante, tendo en conta que a Ons van unha media diaria durante o verán de 1000 turistas, máis os que están de cámping e nos establecementos de hostalería, saber que participación diaria hai nesas actividades, para así podelas avaliar, non porque os guías non desempeñan ben o seu labor, que o fan e de xeito moi profesional, senón para comprobar o interese dos turistas cara a elas.

Con esa avaliación, poderán comprobar se é positiva ou, polo contrario, en que pode estar fallando, para buscar solucións e melloralas.



CHARLAS E PRESENTACIÓN PÚBLICA DOS TRABALLOS SUBVENCIONADOS POLO PARQUE

Van xa uns anos que a Consellería de Medio Ambiente leva concedendo subvencións a concellos, empresas, persoas físicas e asociacións sen ánimo de lucro da área de influencia socioeconómica do Parque Nacional.

Entre elas quero destacar aquelas que poden ser interesantes para o público en xeral e que, despois de entregadas e cobradas, unha das actividades a programar por Parques sería que os subvencionados tiveran que presentar os seus traballos ao público en xeral, xa fose nas instalacións do Parque (Centro de interpretación xeral e nas propias illas) ou en calquera sala, auditorio,...., o lugar adecuado para levalo a cabo.

Podemos ver nas que corresponden aos anos 2022 e 2023 que hai unha boa cantidade de guías, rutas, mapas, dixitalizacións, vídeos, documentais, historias das diferentes illas, actividades sobre flora e fauna,...., que coidamos deberían, despois de feitas, ser expostas ao público, buscando o xeito de que, segundo da illa sobre a que se traballe, a exposición sexa, preferentemente, no municipio ao que pertence o proxecto realizado, podendo despois, tamén facelo no Centro de Interpretación xeral do Parque en Vigo.





O Gran Maqui, a finais de setembro, 2023, achegouse de novo ata Islandia e alí, como excelente pescador que é, e a pesar da friaxe, foi quen de coller tremendo exemplar de salmón que, como se pode apreciar na súa faciana, fixo enorme esforzo para sostelo e sacar a foto. Parabéns.



CERTAME LITERARIO DE RELATO CURTO “AUNIOS” SOBRE A ILLA DE ONS

O venres 23 de setembro 2023, asistimos no Louxo, na Toxa, á comida de xubilación de Quico, o compañeiro de E. Física do Colexio Rosalía de Castro de O Grove. Ao chegar atopámonos coa grata sorpresa de que Alba, que fora alumna do colexio, agora volve a el pero en calidade de profesora de Infantil.

Dáse a casualidade de que Alba foi unha das ganadoras, xa hai anos, do Certame Literario Aunios que sobre a Illa de Ons, organizara a Asociación PineirÓns, coa participación de diferentes colexios da zona marítima do Salnés e do Morrazo. Parabéns para Alba, polo premio acadado no seu momento, e por ocupar a praza que imos deixando ao xubilarnos.

Foto: Alba entre Tino, Presidente de PineirÓns, e Anxo, o corrector lingüístico de Aunios.

REVISTA AUNIOS

(2/10/2023)

Como xa temos explicado en numerosas ocasións, a revista cultural AUNIOS que edita a Asociación Cultural PineirÓns, dedica un importante importe do seu presuposto á distribución, chegando aos máis importantes museos, arquivos, bibliotecas, padroados,..., de toda Galicia, ás Universidades galegas e a un bo número de centros de ensino tanto de bacharelato como de primaria,..., aos centros culturais, asociación, agrupacións galegas que nola solicitan,..., e un longo etc.

Sen embargo, e sen saber por que razón, esquecéusenos o Arquivo Histórico de Pontevedra, polo que, facendo un gran esforzo recompilatorio, conseguimos toda unha colección para este organismo.

Foto: Entrega da colección AUNIOS. De esquerda a dereita: Lino Pazos (Investigador e Ex-presidente PineirÓns), Matilde Iglesias (Encargada de biblioteca), Carmen Corgo (Directora) e Tinón Pardellas (Presidente de PineirÓns)



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS.

<LAREXO>

Con respecto á noticia sobre a aparición dunha toniña morta no lugar da costa oeste de Ons cuxo topónimo é “Onde morreron os homes” que saíu no Onstopus anterior, un lector escribe: “Grazas Celestino, alégrome o da homenaxe a Moncho Meis. Eu non puiden ir, pero que lle dediques un oco en Onstopus, é de agradecer.

A nova da varada da toniña lembroume ao meu pai, Nucho o Larexo, pola desgraza do afundimento da chalana auxiliar do noso barco <Larexo> que trouxo como consecuencia as mortes dos mariñeiros: Ricardo e Manolo dos que me lembrarei sempre. Celestino, que saibas que eu, como fillo do Larexo, sempre estarei moi agradecido da xente de Ons por como axudaron, neses momento tan difíciles, ao meu pai.

Meu pai tiña os aparellos largados na zona oeste da illa ao norte de Liñeiros. Deixaron o barco fondeado nun lugar máis seguro pois había moita marusía. Decidiron ir coa chalana ao abalo a un lugar un pouco afastado do barco. Un golpe de mar fixo que a chalana envorcara e os mariñeiros quedaron asidos a unha rocha. Meu pai decidiu ir a nado ata o barco para pedir auxilio e intentar recoller aos mariñeiros que quedaron na laxe. Botouse ao mar coa roupa de augas e coas botas, das antigas, que chegaban ata as inguas, aínda que nadaba moi ben, costoulle alcanzar o barco..

Logrou chegar, pero moi canso. Aínda que o barco era pequeno, tipo traíña de 9 metros cun motor de 12 cabalos, foi moi difícil subir a el e acendelo moito máis, pois o motor era dos de mecha e o chisqueiro estaba mollado.

Achegáronse moitos barcos do cerco, pero co mar que había non eran quen de achegarse ata o lugar, meu pai intentouno, pero non os atopou xa. Despois de moitos días a buscalos, ata cun mergullador de O Grove, foron os veciños de Ons, que andaban á arte do espello, quen os atoparon.

Agradecemos moito o traballo que levaron os veciños de Ons para a súa busca.

(Na memoria de Ricardo, Manolo e Nucho o Larexo.)

Son de Ons.doc

Veño do mar

De penedos que están máis alá

Do que os ollos poden mirar.

Feita co sal

Beiramar de segredos meu lar

Tráeme á vida cada día miña nai.

Veño do mar

Dun lugar que se cadra non hai

Que baleira de tanto que dá.

Feita coas ás

De gaivotas que están a soñar

Cunha vila na mariñeira meu fogar.

Vexo para ela e sei o que son

Sei de onde veño sei onde vou

Serea deitada onde xoga a agocharse o sol da ría.

Se vivo ou morro hei sempre voltar

Semella o tempo pasar de vagar

A fin do mundo está na illa alén do mar.

Veño do mar

Hai un faro que está a vixiar

A quen entra e sae do peirao.

Feita coas mans

É a terra que foi dos meus pais

naboeiro que a nortada non desfai.

BIS



Novo Larexo

OLIMPIADAS DE BUEU

Seica en Bueu hai unhas olimpíadas entre as parroquias onde cada unha presenta unha canción, que podería ser o seu himno, e Ons non ía quedar sen participar.

De aí que a presidenta da Asociación veciñal púxose en contacto cun membro da comparsa “Vou nun Bou” e pediulle axuda para compondor a canción da Illa para a Olimpíada e Alex non dubidou en poñerse a traballar. Aquí temos a letra que foi cantada por el, acompañado da súa guitarra.



Comparsa “Vou nun Bou”. No círculo Alex

PRESENTACIÓN DO LIBRO "A Illa de Tambo, na súa historia"

Coincidindo coa festividade de San Miguel, patrón de Tambo, o concello de Poio, a asociación cultural "Irmandade Illa de Tambo" e os autores do libro Claudio Quintillán e Lino J. Pazos, organizaron unha viaxe a Tambo e presentaron o libro "A Illa de Tambo. Na súa historia".

Fixemos un percorrido polos puntos importantes da illa e, en cada un deles, os autores deron unha detallada explicación. Comezamos á porta da ermida onde a concelleira de turismo de Poio, Rocio Cochón, informou e quixo destacar o seu compromiso con Tambo. Manifestou que se está traballando con todas as administracións e colectivos para sacar adiante este magnífico proxecto,..., e que se está avanzando na declaración da Illa como ENIL (Espazo Natural de Interese Local), comezando a preparar o Plan de Usos e a catalogación dos bens naturais e culturais.

A continuación faláronse Claudio e Lino sobre a ermida e dos novos achados arqueolóxicos atopados, para deseguido continuar a nosa andaina parando no Lazareto, no polvorín, na fonte de San Miguel e rematamos, porque o tempo non daba para máis, no tafoni "Con do Frade", recibindo en cada un unha completísima información por parte dos autores do libro.



Pero, teremos tempo de falar deste libro que vén sendo como unha continuación, máis detallada e corrixida, do primeiro libro de Lino J. Pazos "Recordando a Thalavo". Agora quero pararme en dous importantes aspectos deste evento.

O primeiro, é enxalzar e agradecer o compromiso do concello de Poio coa súa Illa, **Tambo**, tanto polas anteriores corporacións dirixidas por Luciano Sobral, como pola actual que, aínda comezando e con distinta cor política, tiveron a ben valorar o traballo dos seus antecesores e continualo para levar a bo porto este proxecto, **Tambo**, do que deu cumprida información hai un par de anos e despois dun enorme traballo de investigación e posta en escena, o arquitecto Sergio Portela, sen esquecermos do encomiable traballo a prol desta Illa que leva a Asociación Cultural "Irmandade Illa de Tambo" patroneada por Claudio Quintillán.

Vemos como, a diferenza doutros concellos coas súas respectivas illas, hai unha gran sintonía entre goberno municipal, asociacións e particulares para sacar adiante este proxecto.

O segundo, é eloxiar a boa programación do concello, asociación e autores do libro, para levar adiante esta viaxe e presentación. Comunicando o evento ás persoas do municipio e aquelas que consideraron interesadas, para así conseguir un grupo uniforme, que sabían que non ían de excursión e que cada un andaría ao seu aire, senón a un acto interesante onde ían a recibir unha información de primeira man por parte de dous magníficos investigadores. Por iso non houbo límite de cota e asistiron arredor de 100 persoas.

Ao estar ben programado, esas 100 persoas seguiron aos autores, pararon nos lugares de interese, acomodáronse de tal forma que puideran ver e oír aos escritores,..., e seguiron con moito interese as súas explicacións. Con isto quero demostrar a miña teoría de que as viaxes ás Illas Atlánticas que organiza Parques poden formarse grupos máis amplos do que levan (25) se son quen de programalo e organizalo adecuadamente.



II COPA MÖRLING DE DORNAS A VELA

Aínda que cun pouco de retraso comunicar que este ano a Copa Mörling de Dornas a vela tivo un regatista especial, polo menos nas primeiras, que foi, Lorenzo Mörling o fillo de Staffan Mörling a quen vai dedicada esta regata.

Celebrouse entre os meses de xuño a setembro e tivo varios portos das rías baixas como lugares de competición. Comezou en Portonovo o 17 de xuño, e logo se competiu en Cambados, Illa de Arousa, O Grove, Combarro e Bouzas onde rematou.

Seica á última regata asistiu a viúva de Mörling e que fixo entrega dos trofeos aos gañadores.



Fotos: Enviadas por Lorenzo Mörling e Clara Castillo.



EN ONS ESTÁN Á ESPERA DO COMEZO DAS OBRAS

O día 5 de outubro cumpríranse 1 ano e 3 meses da visita do Presidente da Xunta á Illa na que prometeu un mundo de cartos para Ons. E máis de 2 anos que a Directora Xeral de Patrimonio Natural prometera a reparación inmediata das depuradoras; pois ben, ata o de agora, na de na.

Tamén era inminente o comezo das obras na zona de Curro e o arranxo dos camiños. Supoñíamos que comezarían a partir do 15 de setembro, pero, os cartos deberon ir para outro lado que en Ons non comezaron a traballar.

O que si atopamos a finais do mes de setembro é que o peirao, ao que o mar no inverno pasado levou a varanda de protección e que neste verán a volveron a arranxar, pois ben, chegado outubro, a varanda desaparece e no seu lugar uns cabos fan de separación entre o peirao e o mar. Eu, dende logo, non entendo nada; así funciona a administración, e o malo de todo isto é que nin veciños nin o concello de Bueu, din nada. Increíble, así funciona a Xunta e o concello.



VAI DE PERCEBES



PERCEBES PARA O EMÉRITO

Si, parecen poucos, pero son os escollidos dun lote que estaba a 172 € na lonxa de Cangas. Foron seleccionados para, segundo parece, un agasallo ao emérito. Era un xoves 28 de setembro.

Antes, cando chegaba o Rei, era a empresa Trifinus a que se encargaba de subministrar eses excelentes manxares, agora é a Illeña, si de Ons, que é a que leva o asunto do marisco entre o Grove e Sanxenxo.

Ben, esperemos que lle aproveitara, aínda que, se tivo que repartir entre os seus amigos, pouco ían comer.



Boa mariscada, incluídos os percebes.

CONTOS DE TABERNA Percebes segundo tamaño!!!

No bar, coma case sempre, estaban os da partida, agora co cambio de posta por mor dos arranxos que tiveron os bares nestes últimos dous anos.

Non faltaban os miróns, que ollando as fichas de todos, comentaban, como grandes sabios, cada xogada, poñendo a parir a mala actuación de cada un.

Entre eles estaban os <dous de sempre>: Pepe e Manolo da Illa, encargados de montar a bulla para que haxa discusión entre os xogadores pois, como din eles: *Se non hai lea, non hai partida.*

Rematada a contenda, puxéronse a falar sobre os percebes que saíran no anterior Onstopus e que collera Alvarito na Agoeira, en Cíes.

A polémica estaba servida, cada un opinaba segundo a súa experiencia, máis o engadido, en especial cales eran mellores, que si pequenos e gordos, que si grandes e fortes,...

Tanto Manolo como Pepe, como sempre, escoitaban, coma preparándose para meter a puntilliña, e así foi. Cando o litixio estaba case a rematar, foi Pepe da Illa o que meteu baza:

-Vovos contar o que aconteceu nun dos restaurantes de Bueu. Estaban uns amigos saboreando unhas boas nécoras e, na mesa do lado había dous matrimonios. Polo xeito de falar, eran galegos, de porto de mar e case seguro de cartos, quizais eles eran patróns de altura. Entre outros mariscos, pediron uns percebes, que foi o que lles trouxeron de primeiro.

Cando llos puxeron, unha das mulleres levantou o pano que os protexía, veu que eran pequenos e gordechos, tapounos e chamou polo camareiro.

-Mire, non os teñen máis grandes? O camareiro contestoulle:

-Pois non señora, pero penso que son moi bos!

-Home, non están mal, pero a min gústanme como "carallos de home"!

O camareiro un pouco contrariado, e co sorriso nos beizos, díxolle:

-Bueno, nese sentido, cada un ten o que Deus lle deu.

A muller, tamén co sorriso nos beizos, faloulle en voz baixa:

-Outro que a ten pequena!!! E xa, erguendo a cabeza cara el, espetoulle:

-Eu falaba de carallos de home, non de homiño!!!

-As risadas, amigos, coido que se escoitaron en todo Bueu, incluída a Illa de Ons.

